

EXPTE. 5/2024 (EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 2079/2024):
“SERVIZO DE CONTROL DE GATOS RUEIROS NO CONCELLO DE SANXENXO.”

ASUNTO: MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

O artigo 6 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, atribúe ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación da presente lei no seu termo municipal.

No exercicio desta competencia, e co fin de realizar a adecuada xestión sanitaria das colonias de gatos urbanos do municipio de Sanxenxo e a atención veterinaria urxente de gatos rueiros, o Concello tramitou correspondente expediente para a contratación do “Servizo de control de gatos rueiros no Concello de Sanxenxo”, mediante procedemento aberto simplificado do artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O contrato adxudicouse mediante resolución da alcaldía de data 27 de abril de 2022 a Marta García Telmo, considerándose formalizado o contrato coa achega da aceptación da adxudicación mediante escrito presentado no Rexistro xeral do Concello en data 29 de abril de 2022.

Conforme á cláusula 11 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexiu a contratación, a duración total do contrato comprende un ano natural dende o momento da formalización do contrato, estando prevista a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha. Mediante resolución da alcaldía de data 13 de 3 de 2023 o contrato prorrogouse ata o 29 de abril de 2024, polo que a día de hoxe, o contrato está vixente.

As obrigas e tarefas asumidas pola adxudicataria do servizo son as que figuran na cláusula 6 do Prego de Prescricións Técnicas asinado pola técnica municipal de medio ambiente en data 3 de marzo de 2022, e que comprende as actuacións necesarias para o cumprimento das obrigas municipais en relación ao control da poboación felina.

Sen embargo, a entrada en vigor da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, ampliou as competencias municipais en materia de control poboacional de todos os gatos comunitarios, co fin de reducir progresivamente a súa poboación mantendo a súa protección como animais de compañía. A estos efectos, establece a obrigatoriedade de identificar a todos os gatos comunitarios mediante microchip, rexistrado baixo a titularidade da Administración local competente, o que supón un custo económico non asumible mediante a modificación do contrato vixente.

Dado que esta identificación dos gatos rueiros mediante microchip é unha obriga para para o Concello de Sanxenxo que a día de hoxe non está contemplada no



contrato vixente e dado que este contrato non pode ser obxecto de modificación para incluír esta actividade dentro do obxecto contractual, non sería conveniente prorrogar o contrato en vigor, sendo preciso iniciar un novo contrato de control de gatos rueiros que inclúa dentro do seu obxecto a identificación mediante microchip para dar cumprimento ao disposto na mencionada Lei 7/2023.

Deste modo, preparase un novo procedemento para a contratación dos servizos, (expediente de contratación 5/2024, co número electrónico 2079/2024), no que a técnica de medio ambiente, Carmen Manuela Méndez Pérez, o 8 de marzo de 2024, en aras do establecido no artigo 116.4 f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), emitiu informe xustificativo da insuficiencia de medios, para a prestación do servizo de control de gatos rueiros dentro do Concello; servizo que, en todo caso, esixirá a intervención de veterinario habilitado colexiado para, o control e supervisión dun programa sanitario da colonia felina, (desparasitación, vacinación e identificación obrigatoria mediante microchip con responsabilidade municipal).

Á vista do anteriormente exposto, o servizo de control de gatos rueiros no Concello de Sanxenxo, debéra ser prestado por persoal ou empresa especializados do sector veterinario, e o Concello carece dos medios técnicos e humanos esixidos pola lexislación vixente, para levar a cabo o referido servizo, sendo necesaria a súa contratación externamente.

O 15 de marzo de 2024 a técnica municipal de medio ambiente subscribe o prego de prescricións técnicas no que se recolle o ámbito e obxecto do contrato, e todas as obrigas que deberá sumir o adxudicatario, así como o valor estimado do mesmo. Dado que éste é inferior a 60.000€, considérase idóneo optar por un procedemento de contratación aberto simplificador regulado no artigo 159.6 da LCSP.

Todo o que se fai constar aos efectos do artigo 28.1 da LCSP, referente á necesidade e idoneidade do contrato, debéndose incorporar a presente memoria no expediente de contratación 5/2024 (electrónico nº 2079/2024).

En Sanxenxo á data consignada na sinatura electrónica

O alcalde-presidente, Telmo Martín González

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

